



Vicerreitoría de Estudantes, Participación
e Extensión Universitaria
Unidade de Divulgación Científica e Cultural

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



I EDICIÓN EXPOCIENCIA-UDC DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

Xénero: Divulgación Científica

Aberto a estudantes de graos e mestrado da Universidade da Coruña

BASES

Convocatoria

A cátedra de Cultura Científica da Universidade da Coruña, en colaboración coa Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, coa finalidade de promover a comunicación científica no contorno do estudiantado universitario da UDC convocan a I edición de EXPOCIENCIA-UDC.

Definición e obxecto do concurso

1. O concurso ten como obxectivo fomentar a participación dos estudantes de graos e mestrados no ámbito da ciencia e a investigación mediante tres accións: (i) pósters innovadores que respondan a preguntas de ciencia básica e aplicada (ii) fotografía científica e (iii) traballos audiovisuais. A temática que se trate deberá estar relacionada cos seguintes ámbitos: ciencias, ciencias da saúde e enxeñaría e arquitectura.

Requisitos das persoas participantes

2. EXPOCIENCIA está aberta aos estudantes de graos e mestrados da Universidade da Coruña, que poden presentar os seus traballos individualmente ou en equipo, cun máximo de catro sinaturas. Os textos poderán estar escritos en galego, español ou inglés.

Criterios para conceder os premios

3. Cada autor/a soamente poderá presentar unha obra que deberá ser orixinal e inédita. Valorarase a creatividade, a orixinalidade, o interese científico e a linguaxe utilizada. Os textos non deberán conter ningún tipo de expresión non respectuosa.
4. Os autores terán que ser propietarios dos dereitos do texto e das imaxes para evitar posibles reclamacións de terceiros.

Premios

5. Establécense tres premios por cada categoría:

Primeiro premio: 300 euros
Segundo premio: 200 euros
Terceiro premio: 100 euros

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0300030007.422D.48003. A dotación total para o premio é de 1800 €, que se aboará mediante cheque bancario a nome do interesado.

- Os gañadores e finalistas autorízanlle á UDC os dereitos de reprodución e divulgación pública, facendo constar en todo momento o nome dos autores. As exposicións da I edición de EXPOCIENCIA-UDC desenvolveranse ao longo do mes de Decembro.

Xurado

- O xurado estará integrado por:
 - Presidente: O presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña ou persoa en quen delegue.
 - Vogais:
 - Carlos Vázquez Regueiro – Profesor da UDC.
 - Ángel Loureiro Pereiro – Xefe de Servizo dos Museos Científicos Coruñeses.
 - Viviana Fernández Macía – Profesora da UDC.
 - Guillermo Lorenzo Gómez – Investigador da UDC.
 - María Ares Sanmartín – Xefa do Gabinete de Comunicación da UDC.
 - Secretaría: Ana M. González Tizón – Coordinadora da Unidade De Divulgación Científica e Cultural da UDC.

A resolución do xurado é inapelable, e os premios poderán ser declarados desertos, pero non *ex aequo*.

Limitacións

- Neste concurso non poderán participar os familiares dos membros do xurado.

Presentación dos traballos

- Os traballos poderanse presentar a través de calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma que o substitúa. Así mesmo tamén se poderán presentar no rexistro do LERD-Coruña (Pavillón de Estudantes, campus de Elviña) ou no LERD-Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, campus de Esteiro).
- Os traballos presentaranse nos seguintes soportes:

Pósters innovadores: deberanse presentar en formatos ppt, opp ou pdf. O póster deberá incluír: título, autor/es, texto (máximo 1200 caracteres con espazos), imaxes, debuxos, tablas, gráficos, etc., e a autoría/fonte das imaxes empregadas. O contido do póster deberá ser maquetado para un tamaño de impresión din A4 en tipo e tamaño de letra Arial 13. A impresión dos traballos correrá a cargo da Universidade da Coruña.

Fotografías: cada participante poderá presentar tres fotografías. As fotografías seleccionadas serán impresas pola Universidade da Coruña. O arquivo deberase enviar en formato TIF, IMPG, VNG ou similar a 300 pp (dpi). Ningún arquivo poderá superar os 1.5 MB. Cada fotografía deberá ir acompañada dun texto explicativo de non máis de 650 caracteres con espazos.

Traballos audiovisuais: terán unha duración mínima de dous minutos e máxima de cinco minutos. O vídeo deberá incluír o título ó principio e o nome do autor/es ó final. Deberán ir acompañados dun texto en pdf de non máis de 650 caracteres con espazos. Os traballos audiovisuais serán de tipo reportaxes, entrevistas ou noticias. O formato do arquivo de vídeo será MPEG-4.

11. Os traballos presentaranse nun sobre cerrado que conterá o traballo en soporte CD ou DVD (identificados co letra de imprenta na que conste o título da obra e o nome do autor/es) que inclúa: (i) a obra (poster, fotografías ou vídeo) máis o documento en pdf explicativo da obra, e (ii) un documento cos datos persoais do/a autor/a (nome e apelidos, fotocopia do DNI, nome e enderezo do centro onde cursa os seus estudos, teléfono de contacto e correo electrónico), así como unha breve presentación do/a autor/a. No anverso do sobre especificarase o nome do premio a que se opta e o título do traballo.
12. O prazo de presentación dos traballos comeza coa publicación destas bases e finaliza o día 21 de novembro de 2016 ás 14.00 horas. A resolución do xurado publicarase o 30 de novembro de 2016. Os nomes dos gañadores e finalistas publicarase na páxina web da UDC.
13. Os galardoados e finalistas participarán nos actos organizados con motivo da entrega de premios segundo lles sexa solicitado pola organización o día 22 de decembro de 2016. O traslado ao lugar do evento (Parainfo da Reitoría da UDC) correrá a cargo dos gañadores e finalistas.
14. As obras non finalistas devolveránselles aos/ás autores/as que o soliciten, tras a resolución do xurado, ao enderezo que figure no sobre.
15. A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das bases. Calquera eventualidade non prevista nestas bases será resolta polo xurado.

A Coruña, 20 de outubro de 2016

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor López